

insuaCAMP 2015



MEMORIA

InsuaCAMP2015 foi unha actividade organizada pola **Asociación Galega de Custodia do Territorio** e coorganizada por **Drosera**.

A **Deputación Provincial de Lugo** financiou o insuaCAMP2015 a través do acordo de custodia para a xestión das insuas do Miño e os Ollos de Begonte asinado coa Asociación Galega de Custodia do Territorio.

O insuaCAMP2015 contou co patrocinio de **Conservas Antonio Pérez Lafuente e INGAPAN**.

AGCT / DROSERÁ

2015

Índice de contidos

INTRODUCCIÓN	4
1. REVISIÓN DAS CAIXAS-REFUXO	5
2. INVENTARIO DAS ESPECIES DE MORCEGOS.	6
3. RADIOSEGUIMIENTO DE MORCEGOS.	8
4. INVENTARIO DE ODONATOS.	11
5. FOTOTRAMPEO	13
6. ALGUNHAS VALORACIÓNS DE PARTICIPANTES	14
7. ANEXO FOTOGRÁFICO	16

Introdución

O seguemento ambiental das insuas do Miño ofrece unha excelente oportunidade para a formación no traballo de campo daquelas persoas que estudan ou traballan na xestión, investigación e conservación do medio natural.

Conscientes desto, a Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) e Drosera convocaron do 3 ao 8 de agosto de 2015 un campo de traballo que permitiu participar nalgunhas das tarefas de seguemento que a AGCT realiza nas insuas do Miño a 12 persoas chegadas de diferentes puntos de España e Europa.

Estes 12 participantes uníronse aos membros da AGCT e Drosera, formando un equipo de 20 persoas, para participar nas seguintes tarefas:

1. Revisión da rede de caixas-refuxo de morcegos.
2. Inventario das especies de morcegos.
3. Radioseguemento de morcegos.
4. Inventario de odonatos.
5. Posta en marcha da rede de fototrampeo.

Durante o insuaCAMP utilizouse como centro de traballo a Casa das Insuas, onde se acondicionaron espazos para o seu uso específico nesta actividade.

O aloxamento, almozos e ceas realizáronse no hostel San Martín de Carral (Begonte).

Para o xantar contouse coa colaboración de INGAPAN, que diariamente facilitou as racións de comida precisas para o equipo.

1. Revisión das caixas-refuxo

Revisáronse 82 caixas-refuxo que constitúen a totalidade de caixas-refuxo localizadas no campo. Das 114 caixas instaladas no inicio do proxecto, 32 caeron, foron roubadas, danadas ou desapareceron por motivos descoñecidos.

Confirmouse o uso por morcegos de 44 caixas (53,6% do total revisado). En 24 (29,3%) atopáronse exemplares no interior no momento da revisión, e nas outras 20 (24,4%) o seu uso veu confirmado pola presenza de guano.

Atopáronse 105 exemplares de 4 especies: *Myotis escaleraei*, *Myotis daubentonii*, *Pipistrellus pygmaeus* e *Plecotus auritus*. Para todas estas especies confirmouse a ocupación de caixas por colonias de cría.

Especie	Nº total	Femias adultas	Machos adultos	Xuveniles
<i>Myotis daubentonii</i>	22	16	6	
<i>Myotis escaleraei</i>	30	12	2	16
<i>Pipistrellus pygmaeus</i>	44	24	16	4
<i>Plecotus auritus</i>	9	3	3	3

Colocáronse 38 transponders para identificación individual:

Especie	Nº transponders instalados
<i>Myotis daubentonii</i>	20
<i>Myotis escaleraei</i>	3
<i>Pipistrellus pygmaeus</i>	15

Na revisión de caixas-refuxo detectáronse por vez primeira agrupacións de cría de *Myotis daubentonii*, *Myotis escaleraei* e *Plecotus auritus*.

2. Inventario das especies de morcegos.

Drosera ven realizando sondeos de morcegos desde 2008 nas insuas do Miño, pero até o momento non se fixera un esforzo do alcance do realizado durante o insuaCAMP2015.

Instaláronse un total de 1.164 metros/hora de rede en 5 noites de traballo utilizando redes de néboa de diferentes medidas que permaneceron abertas desde a posta de sol até catro horas despois.

Mostreáronse os principais hábitats presentes nas insuas: bosque aluvial, prados e corredores fluviais.

Capturáronse un total de 88 exemplares de 7 especies: *Myotis escaleraei*, *Myotis daubentonii*, *Pipistrellus pipistrellus*, *Pipistrellus pygmaeus*, *Eptesicus serotinus*, *Barbastella barbastellus* e *Plecotus austriacus*.

No caso de *Barbastella barbastellus* e *Plecotus austriacus*, estas capturas representan ademáis as primeiras citas para estas especies nas insuas do Miño.

De *B. barbastellus* capturáronse tres exemplares, un en cada unha das insuas. Dous deles foron machos, mentres que o exemplar capturado na insua de Trabanca resultou ser unha femia lactante.

En canto a *P. austriacus*, capturouse unha femia lactante que foi radiomarcada para o seu seguimento.

A captura de 3 exemplares de *E. serotinus* en dous puntos diferentes, emerxendo do bosque despois da posta de sol, evidencia o uso de refuxios arbóreos por parte de esta especie, habitualmente considerada antropófila ou fisurícola.

A captura de exemplares permitiu recapturar dous exemplares de *Pipistrellus pygmaeus* marcados con transponders: un fora marcado durante o propio insuaCAMP2015, mentres que o outro pertencía á agrupación de cría marcada por Drosera en xuño de 2013. As recapturas de exemplares marcados permitirán obter unha información de gran interese para o coñecemento da poboación local de morcegos e o uso que fan dos recursos.

O esforzo realizado no mostreo acústico foi irregular e de baixa intensidade. Porén, obtivéronse rexistros acústicos de catro especies: *Pipistrellus pipistrellus*, *Pipistrellus pygmaeus*, *Eptesicus serotinus* e *Tadarida teniotis*.

Os rexistros de *T. teniotis* supoñen a primeira cita desta especie para as insuas do Miño e para a cuadrícula UTM 29T PH17, ademáis de ser a cita máis septentrional desta especie en Galicia até o momento.

As mostraxes de morcegos permitiron constatar a presenza nas insuas, por primeira vez, para *Barbastella barbastellus*, *Plecotus austriacus* e *Tadarida teniotis*.

3. Radioseguemento de morcegos.


Radiomarcáronse dous exemplares de dúas especies diferentes: unha femia de *Myotis escaleraí* e unha femia de *Plecotus austriacus*.

A femia de *Myotis escaleraí* foi atopada xunto con outros exemplares nunha caixa-refuxo, e foi marcada co fin de estudar o posible cambio de refuxo e a selección nocturna de hábitat.

Ambos exemplares foron localizados, ao día seguinte da súa marcaxe, en construcións situadas na parroquia de Cela. No caso do exemplar de *Plecotus austriacus*, localizouse na parte superior dun muro de bloques de formigón que forma parte dun garaxe, a 360 metros do punto de captura. Aínda que esa mesma noite se puido comprobar que o exemplar se desprendera do transmisor, no puido ser recuperado nin se puido facer un agardo á noitiña para facer reconto de exemplares, debido á negativa dos propietarios da casa.

En canto ao exemplar de *Myotis escaleraí*, localizouse durante a noite seguinte á súa marcaxe sobrevoando terreos da parroquia de Cela. Ao día seguinte foi localizado nunha palleira vella a 1.265 metros da caixa-refuxo na que foi marcada. Non se puido comprobar a localización exacta nin o carácter do refuxo, debido a problemas para acceder á propiedade.

O radioseguemento permitiu constatar a importancia que teñen construcións situadas fora das insuas para a conservación das poboacións de morcegos que as habitan.



1

Imaxe 0. 1) Puntos de captura e posterior localización dos exemplares radiomarcados. 2) Detalle dos puntos de captura e localización do exemplar de *Plecotus austriacus*. 3) Detalle dos puntos de captura e localización do exemplar de *Myotis escaleraei*.

2



3



4. Inventario de odonatos.

Realizáronse 6 puntos de mostraxe nos que se buscaron tanto exemplares adultos como exuvias, que foron posteriormente identificadas en laboratorio.

Identificáronse un total de 15 especies e até un máximo de 13 especies no punto de maior diversidade, no entorno da estación de aforo de Cela.

Localidade	Concello	Especie	Estadío
Estación de aforo de Begonte	Begonte	Anax imperator	Adulto
		Boyeria irene	Adulto e exuvias
		Calopteryx virgo	Adulto
		Calopteryx xanthostoma	Adulto
		Cordulegaster boltonii	Adulto
		Gomphus pulchellus	Exuvia
		Lestes dryas	Adulto
		Lestes viridis	Adulto
		Onychogomphus uncatus	Adulto e exuvias
		Oxygastra curtisii	Exuvia
		Platycnemis acutipennis	Adulto
		Platycnemis latipes	Adulto
		Sympetrum sanguineum	Adulto
Estación de aforo de Cela	Outeiro de Rei	Anax imperator	Adulto
		Boyeria irene	Exuvia
		Calopteryx xanthostoma	Adulto
		Gomphus pulchellus	Exuvia
		Ischnura graellsii	Adulto
		Lestes viridis	Adulto
		Onychogomphus uncatus	Adulto e exuvias
		Oxygastra curtisii	Exuvia
		Platycnemis acutipennis	Adulto
		Platycnemis latipes	Adulto
Porto Barés	Begonte	Anax imperator	Adulto
		Boyeria irene	Adulto e exuvias
		Calopteryx virgo	Adulto
		Calopteryx xanthostoma	Adulto
		Cordulegaster boltonii	Exuvia
		Gomphus pulchellus	Exuvia
		Onychogomphus uncatus	Exuvia
		Oxygastra curtisii	Exuvia
		Platycnemis latipes	Adulto
Porto Barés, Cela	Outeiro de Rei	Anax imperator	Adulto

Prados do Caxiao	Rábade	Boyeria irene	Adulto e exuvias
		Calopteryx virgo	Adulto
		Calopteryx xanthostoma	Adulto
		Cordulegaster boltonii	Exuvia
		Lestes viridis	Adulto
		Onychogomphus uncatus	Exuvia
		Oxygastra curtisii	Exuvia
		Platycnemis acutipennis	Adulto
		Platycnemis latipes	Adulto
Trabanca	Outeiro de Rei	Boyeria irene	Adulto e exuvias
		Calopteryx virgo	Adulto
		Calopteryx xanthostoma	Adulto
		Cordulegaster boltonii	Exuvia
		Lestes viridis	Adulto
		Onychogomphus uncatus	Adulto e exuvias
		Oxygastra curtisii	Adulto e exuvias
		Platycnemis acutipennis	Adulto
		Platycnemis latipes	Adulto
		Pyrrhosoma nymphula	Adulto
	Outeiro de Rei	Sympetrum sanguineum	Adulto
		Boyeria irene	Adulto e exuvias
		Calopteryx virgo	Adulto
		Calopteryx xanthostoma	Adulto
		Gomphus pulchellus	Exuvia
		Lestes viridis	Adulto
		Onychogomphus uncatus	Adulto e exuvias
		Oxygastra curtisii	Adulto e exuvias
		Platycnemis latipes	Adulto
		Pyrrhosoma nymphula	Adulto
		Sympetrum sanguineum	Adulto

5. Fototrampeo

Durante o insuaCAMP2015 fixéronse as primeiras probas para a posta en marcha do programa de fototrampeo.

Instaláronse dúas cámaras en localidades próximas, ambas na insua de Santa Mariña e probáronse diferentes tipos de cebo.

Detectáronse catro especies silvestres: algaria (*Genetta genetta*), raposo (*Vulpes vulpes*), corzo (*Capreolus capreolus*) e xabarín (*Sus scrofa*). Ademáis fotografáronse vacas (*Bos taurus*).

6. Algunhas valoracións de participantes

“Para mi ha sido una oportunidad muy buena para hacer trabajo de campo. El ritmo fue muy intenso pero mereció la pena. Creo que el tiempo está muy bien aprovechado y me ha permitido colaborar en el estudio de especies con las que nunca lo había hecho antes.

El equipo técnico experto y siempre pendiente de la organización y de que todo fuese bien”.

Imelda Fernández (Guadalajara, España)

“No solo ha sido una oportunidad para estudiar la biodiversidad de un entorno tan interesante como las Insuas do Miño, sino que me ha servido para entrar en contacto con gente que comparte mis intereses y que ha facilitado un ambiente inmejorable durante los días de trabajo.

Es una maravilla que existan iniciativas de este tipo. Gracias por todo”.

Sara Bachiller (Madrid, España)

“La formación es increíble, bien organizada, con todos los minutos bien calculados para trabajar y aprender y aun así poder disfrutar de las comidas. Cuenta sobre todo con profesores brillantes a nivel profesional, cada uno con una especialidad distinta, que nos permitió apreciar no solo los murciélagos sino otros seres vivos, además de concienciarnos sobre el respeto por la naturaleza. Como personas, son incluso mejores; no solo desbordan amabilidad, generosidad y simpatía sino que realmente se han desvivido para que la formación sea asequible para todos. Lo digo con toda sinceridad, INSUACAMP2015 ha sido de lo mejor que he hecho en mi vida”.

No quisiera olvidar mencionar también que las Insuas de Rábade son un verdadero paraíso: qué paisajes, qué naturaleza, qué biodiversidad... Y ni siquiera nos llovió”.

Beatriz Escudero (Lyon, Francia)

“El InsuaCAMP 2015 ha sido una auténtica aventura murcielaguera. Además, hemos trabajado en el conocimiento de especies de odonatos mediante distintas técnicas; observación directa de individuos y recogida de exuvias.

Estoy muy contento con la forma en la que se ha organizado el trabajo, grupalmente y a nivel de actividades. Tanto los organizadores como las visitas de distintos expertos agradaban mucho las tareas y favorecían enormemente el aprendizaje”.

Alfonso Balmori (Valladolid, España)

“Fue una semana muy intensa que sin lugar a dudas repetiría. Me encantaría incluso que fuera más larga; pero con tanta intensidad, necesitaría días de descanso entre medias, para poder recuperar...

Los monitores-profesores no sólo tienen un gran conocimiento de la materia, sino que además la transmiten muy bien y de forma amena y práctica. Además, quiero destacar también la sinergia de la participación de diversas personas cercanas a la asociación, aportando su granito de arena; así como la de los compañeros de InsuaCAMP; todo ello ha aportado una gran sinergia”.

Sonia López (Guadalajara, España)

7. Anexo fotográfico



Imaxe 1. Revisión dunha caixa-refuxo.



Imaxe 2. Momento do xantar durante a revisión de caixas-refuxo.



Imaxe 3. Toma de datos durante a revisión de caixas-refuxo.



Imaxe 4. Fototrampeo: algaria (*Genetta genetta*).



Imaxe 5. Fototrampeo: raposo (*Vulpes vulpes*).



Imaxe 6. Fototrampeo: xabarín (*Sus scrofa*).